

# Actividades escolares Afundación curso 2025/26

[escolares.afundacion.org](https://escolares.afundacion.org)



**//Afundación**  
Obra Social ABANCA



## VUELA PLUMA

Teatro de actor e monicreques

### Periferia Teatro

Castelán, 45 minutos

Educación Infantil (3 a 6 anos)

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago (signada), A Coruña, Ferrol e Lugo.

Premio Titirijai no Festival Internacional de Marionetas de Tolosa no ano 2015, este espectáculo cóntanos a historia dun paxaro que vivía «feliz» na súa gaiola, ata que un día tivo un soño... a gaiola abriuse e as súas ás levárono na procura doutros paxaros coma el.

*Vuela pluma* é un conto sobre a liberdade, a amizade, a procura dos nosos soños e o respecto pola verdadeira natureza dos seres vivos. Axudándonos uns aos outros conseguiremos chegar moito máis alto.





## A GALIÑA AZUL

Teatro de actor e monicreques

**Tanxarina Títeres**

Galego, 50 minutos

1º e 2º Primaria

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago (signada), A Coruña, Ferrol e Lugo.

Premio Feten a mellor espectáculo de monicreques e Premio María Casares a mellor espectáculo infantil no 2018. Nesta obra, Lourenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na ala dereita. Unha galiña moi bonita e moi rara, que pon ovos de cores!! Ademais non di «cacaracá», como as outras galiñas, senón que di «cocorocó». E isto ten preocupadas as autoridades.

**Un espectáculo que fala da diversidade e da solidariedade** a través dun clásico da literatura infantil que cobra vida a través de fermosos bonecos e unha tenra historia.





## MÁIS SAAABOR!

Teatro de actor e música

### Culturactiva Producións

Galego, 60 minutos

3º e 4º Primaria

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago (signada), A Coruña, Ferrol e Lugo.

Da man deste espectáculo **coñeceremos o mundo da gastronomía e a alimentación saudable**. *Máis saaabor!* mestura música en directo, maxia, humor, moito ritmo e participación do público.

Dous recoñecidos chefs que nos ofrecen un gorentoso, equilibrado e, sobre todo, ben afinado menú: unha comida moi musical para todas as persoas. Unha visita cómica ao mundo dos fogóns para promover o **achegamento á cociña, á alimentación saudable e ao consumo de produtos de proximidade**.





## MISTURAS

Música e audiovisual

### Fundación Igual Arte

Galego, 55 minutos

5º e 6º Primaria

Pontevedra, Ourense, Santiago, A Coruña, Ferrol e Lugo.

Un espectáculo audiovisual con música orixinal en directo que percorre un camiño de luces e sombras, convidándonos a viaxar por temáticas onde a mistura é protagonista, presente dende o inicio ata o final dos nosos días, sendo actriz principal no milagre da vida.

A posta en escena é un berro que defende todos os matices, **apostando pola conquista do diferente, pola pluralidade e diversidade, facéndonos conscientes de que esta non pode ser incómoda** e convidándonos a saír da casca e do medo.

**A Fundación Igual Arte traballa con persoas con diversidade funcional no eido artístico** dende 2002. Nace da premisa de que a arte é un dereito colectivo e, partindo disto, crea a primeira escola artística estable. No 2008 pon en marcha o primeiro centro ocupacional artístico, perseguindo a especialización para a integración laboral.

Aviso: neste espectáculo inclúese contido sensible: semiespido con fins artísticos nun vídeo de 4 minutos.





## UNBOXING ALICE

Teatro de actor


**On Stage Company**

Inglés, 60 minutos

5º e 6º Primaria

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago, A Coruña, Ferrol e Lugo.

Pasou moito tempo desde que Alicia visitou *Wonderland* por última vez. *Tweedle Dee* e *Tweedle Doo*, vendo como o seu esplendor se vai apagando, deciden renovarse, adaptarse aos tempos e transformarse en YouTubers! Conseguirán os xemelgos deixar atrás o seu pasado e conquistar as redes? Serán quen de escapar da longa sombra de Alicia? Descúbreo nesta divertida viaxe polo universo de Lewis Carroll cun final «Made in Nintendo!» **Unha experiencia práctica e entretida para asimilar novos coñecementos e aprender a expresarse en inglés.**





## THE EUROPEAN ODYSSEY

Teatro de actor

### On Stage Company

Inglés, 60 minutos

1º, 2º, 3º e 4º ESO

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago, A Coruña, Ferrol e Lugo.

**O teatro participativo será a ferramenta máis útil, práctica e divertida para aprender inglés.** Por fin chegou o final de curso e un grupo de estudantes de Secundaria dos Estados Unidos, co seu peculiar profesor á cabeza, marchan de viaxe de fin de curso por Europa! Por suposto, nada sae como tiñan planeado e, tras perder a súa guía, terán que superar as situacións máis disparatadas tentando recuperar as súas maletas. Unha viaxe a través das mitoloxías clásicas, dos equívocos culturais e do descubrimento de que, ao final, é moito máis o que nos une ca o que nos separa!





## **DESEXO**

Teatro de actor

### **Talía Teatro**

Galego, 80 minutos

3º e 4º ESO, 1º e 2º de bacharelato

Vigo, Pontevedra e Santiago

Como foi a nosa educación sexual? Estamos realmente preparados para vivir unha sexualidade sa? Sabemos relacionarnos desde o respecto e a empatía? E sobre todo... somos quen de educar as futuras xeracións? Onde aprendemos o que sabemos sobre sexo? Na pornografía? Nas redes sociais? E que impacto ten iso na maneira en que desexamos, nos relacionamos ou nos entendemos?

Observemos o que nos rodea: as cancións que escoitamos, os anuncios que vemos, os contidos que consumimos. Vivimos na era do desexo, na sociedade máis sexualizada da historia, e aínda así, o sexo segue a ser un tema cheo de silencios, prexuizos e tabús.

### **ENCONTRO**

Despois do espectáculo, o escenario convértese nun foro aberto: O director do espectáculo: Diego Rey, intérpretes: Marta Ríos e Dani Trillo, unha sexóloga profesional: Bárbara Penas, e o público, atoparanse para debullar o visto, escoitarse e falar sen tabús. Un convite a seguir pensando e aprendendo xunt@s.

## **CICLO DE CINEMA SUBMARINO**

Cinema documental

### **Colabora a Universidade de Vigo**

5º e 6º Primaria, 1º e 2º ESO

Vigo

Proxección de documentais para coñecer e poñer en valor o ecosistema do noso planeta.



# CALENDARIO DE TEATRO

A sede de Santiago acollerá unha sesión signada dalgunhas das actividades ofrecidas

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

Auditorio ABANCA

### **DESEXO**

Encontro Desexo

28 out | 10.00 e 12.00 h

### **MISTURAS**

10 nov | 10.00 e 12.00 h

### **A GALIÑA AZUL**

4 dec | 10.00 e 12.00 h

función con linguaxe de signos 10.00 h

### **THE EUROPEAN ODYSSEY**

19 xan | 10.00 e 12.00 h

### **UNBOXING ALICE**

26 xan | 10.00 e 12.00 h

### **MÁIS SAAABOR!**

12 mar | 10.00 e 12.00 h

función con linguaxe de signos 10.00 h

### **VUELA PLUMA**

13 mai | 10.00 e 12.00 h

función con linguaxe de signos 10.00 h

## A CORUÑA

Auditorio Sede Afundación

### **MISTURAS**

6 nov | 10.00 e 12.00 h

### **A GALIÑA AZUL**

28 nov | 10.00 e 12.00 h

### **THE EUROPEAN ODYSSEY**

16 xan | 10.00 e 12.00 h

### **UNBOXING ALICE**

22 xan | 10.00 e 12.00 h

### **MÁIS SAAABOR!**

5 mar | 10.00 e 12.00 h

### **VUELA PLUMA**

14 e 15 mai | 10.00 e 12.00 h

## FERROL

Auditorio Sede Afundación

### **MISTURAS**

7 nov | 10.00 e 12.00 h

### **A GALIÑA AZUL**

5 dec | 10.00 e 12.00 h

### **THE EUROPEAN ODYSSEY**

9 xan | 10.00 e 12.00 h

### **UNBOXING ALICE**

23 xan | 10.00 e 12.00 h

### **MÁIS SAAABOR!**

6 mar | 10.00 e 12.00 h

### **VUELA PLUMA**

29 e 30 abr | 10.00 e 12.00 h



## LUGO

Auditorio Municipal Gustavo Freire

### **MISTURAS**

12 nov | 10.00 e 12.00 h

### **A GALIÑA AZUL**

3 dec | 10.00 e 12.00 h

### **THE EUROPEAN ODYSSEY**

20 xan | 10.00 e 12.00 h

### **UNBOXING ALICE**

21 xan | 10.00 e 12.00 h

### **MÁIS SAAABOR!**

11 mar | 10.00 e 12.00 h

### **VUELA PLUMA**

11 e 12 mai | 10.00 e 12.00 h

## OURENSE

Auditorio Municipal

### **MISTURAS**

13 nov | 10.00 e 12.00 h

### **A GALIÑA AZUL**

1 e 2 dec | 10.00 e 12.00 h

### **THE EUROPEAN ODYSSEY**

15 xan | 10.00 e 12.00 h

## UNBOXING ALICE

2 feb | 10.00 e 12.00 h

### **MÁIS SAAABOR!**

9 e 10 mar | 10.00 e 12.00 h

### **VUELA PLUMA**

27 e 28 abr | 10.00 e 12.00 h

## PONTEVEDRA

Auditorio Sede Afundación

### **DESEXO**

**Encontro Desexo**

27 out | 10.00 e 12.00 h

### **MISTURAS**

4 e 5 nov | 10.00 e 12.00 h

### **A GALIÑA AZUL**

15 a 17 dec | 10.00 e 12.00 h

### **THE EUROPEAN ODYSSEY**

12 xan | 10.00 e 12.00 h

### **UNBOXING ALICE**

3 feb | 10.00 e 12.00 h

### **MÁIS SAAABOR!**

2 a 4 mar | 10.00 e 12.00 h

### **VUELA PLUMA**

7 a 10 abr | 10.00 e 12.00 h



## VIGO

Auditorio Teatro Afundación

### **DESEXO**

#### **Encontro Desexo**

29 out | 10.00 e 12.00 h

### **CINEMA SUBMARINO**

18 nov | 10.00 e 12.00 h 5º e 6º de Primaria

19 nov | 10.00 e 12.00 h 1º e 2º ESO

### **A GALIÑA AZUL**

25 a 27 nov 2025, 21 e 22 xan | 10.00 e 12.00 h

### **THE EUROPEAN ODYSSEY**

13 e 14 xan | 10.00 e 12.00 h

### **UNBOXING ALICE**

27 a 30 xan | 10.00 e 12.00 h

### **MÁIS SAAABOR!**

23 a 27 feb | 10.00 e 12.00 h

### **VUELA PLUMA**

4 a 8 mai | 10.00 e 12.00 h



## NORMAS PARA INSCRIBIRSE

- Prazo de reservas ata o 30 de setembro 2025.
- Solicitud a través de [Acceso centros](#) entrando co código do centro (asignado pola Xunta) e o contrasinal. Unha vez dentro, ir a Artes Escénicas/ Peticións.
- Prazas para un máximo de 150 escolares por centro e actividade (100 para A Coruña e Ferrol por cuestións de capacidade).
- Prezo: 2,5 €/escolar para todas as obras, agás Desexo, 5 €.
- O importe total ingresarase no número de conta ES 91 2080 5000 61 3040323643, indicando o código de ingreso, que comunicaremos previamente desde Afundación canda a asignación de actividades. Prazo límite para o pagamento ata o mesmo día da actividade.
- Desde Afundación enviarase correo-electrónico ao centro para informar da asignación de actividades. E, así mesmo, cada centro deberá confirmar esta asignación a través da web.
- Guías didácticas dispoñibles para consulta e descarga na web.
- Máis información no 986 120 089 e no 986 120 078 ou en [escolares@afundacion.org](mailto:escolares@afundacion.org)

# //Afundación

Obra Social ABANCA